

CARLOS PINTOR IGLESIAS, director da escola de música municipal Magariños de Brión, INFORMO:

Que analizado o proxecto de servizo presentado pola empresa Barbatana SL no arquivo electrónico do sobre B, para a prestación do contrato de servizos: Escolas musicais 2020/2021, se considera que o mesmo cumpre co disposto nos pregos, e en aplicación dos criterios de adxudicación previstos no apartado 19.1 do anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares, se informa favorablemente o outorgamento das seguintes puntuacións:

1. Criterios non avaliados en cifras ou porcentaxes (dependentes dun xuízo de valor):
1. Valoración técnica da proposta de organización do servizo: Ata un máximo de 50 puntos.

| | |
|---|--------------------------|
| 1. PLANIFICACIÓN | Ata 20,00 puntos |
| - Metodoloxía de ensinanza. | 6,00 puntos. |
| - Descrición dos medios técnicos empregados. | 3,00 puntos. |
| - Obxectivos específicos para cada disciplina/ actividade. | 5,00 puntos. |
| 2. CONTROL E SEGUIMENTO | Ata 20,00 puntos. |
| - Protocolo de resposta a eventualidades tales como a suspensión de clases, ausencia de profesorado, substitucións puntuais, etc. | 10,00 puntos. |
| 3. AVALIACIÓN FINAL | Ata 10,00 puntos. |
| - Protocolo de introdución de melloras para o próximo ano. | 2,00 puntos. |

Total puntuación: 26 puntos.

Para a atribución das puntuacións atendeuse á calidade técnica, ao seu nivel de concreción, á eficiencia na utilización dos equipamentos municipais, á eficiencia e eficacia no desenvolvemento das actividades e na xestión dos procedementos, ás melloras da organización e aos mecanismos, iniciativas ou procedementos de resposta ás demandas do servizo polos usuarios ou potenciais usuarios e ao maior destino de recursos económicos para a prestación dos servizos.

Brión, 21 de xullo de 2020.

O director da escola de música